

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E JESÚS ÓPTICO, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PREVENCIÓN DOS PROBLEMAS VISUAIS.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura

REUNIDOS

Dunha parte, don Julio García Comesaña, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, don Jesús Pérez Postigo, con DNI 32753056K, na súa calidade de titular do establecemento de óptica JESÚS ÓPTICO (número de rexistro sanitario E-32-000031) con enderezo Rúa Deputación Nº 2 baixo 32600 Verín (Ourense).

Ambas partes interveñen nas respectivas representacións recoñecéndose reciprocamente a capacidade necesaria para a conclusión do presente convenio e a tal efecto

EXPOÑEN:

1. A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde entenden que as actividades de prevención da saúde da poboación veñen xogando un papel decisivo nas actuacións da Administración sanitaria, especialmente no nivel de atención primaria. Así, o artigo 50 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia establece que, *sen prexuízo do disposto no artigo 12 da lei de cohesión e calidade do SNS, a atención primaria incluírá entre o seu catálogo de servizos as seguintes funcións e modalidades de atención sanitaria: (...) b) as actividades programadas en materia de vixilancia e información, así como a promoción e protección da saúde e a prevención da enfermidade.*

Esta actividade de prevención maniféstase como un dereito no artigo 12 da citada Lei 8/2008, do 10 de xullo, cando enumera entre os dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios o *dereito a medidas de prevención da enfermidade de probada efectividade e seguridade.*

Tamén o ámbito da atención hospitalaria segundo o artigo 51 da citada lei) abranguerá a educación para a saúde e a prevención de enfermidades no seu ámbito de actuación, así como a participación nos sistemas de vixilancia e información.

2. As necesidades obxectivadas de dar resposta a un problema real, como é a valoración da capacidade visual da poboación, fan necesario desenvolver cantas actuacións conxuntas cos profesionais do sector sexan precisas para axilizar e posibilitarlle á cidadanía un achegamento á información que permita a efectiva prevención e alternativas de solucións de carácter individualizado.

Para tal efecto, o artigo 77.1.c) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece que para o exercicio das súas competencias, a Consellería de Sanidade e os organismos dependentes da mesma poderán “establecer encomendas de xestión, acordos, convenios ou contratos -calquera que sexa a súa tipoloxía e modalidade- con entidades públicas ou privadas”.

3. Os establecementos de óptica, en tanto que son establecementos sanitarios sometidos a control e autorización sanitaria e dentro das funcións que lles están asignadas pola normativa en vigor, veñen realizando dende hai anos diversas actuacións colaborativas que teñen acadado importantes niveis de cobertura poboacional e satisfacción das persoas usuarias, polo que parece oportuno establecer unha liña de colaboración formalizando un convenio con aqueles establecementos que, interesados en

ofrecer os servizos que se indicarán a continuación, se comprometan a realizalos co máximo nivel de calidade esixible, en beneficio da poboación usuaria.

O aspecto funcional da prestación ten adquirido unha especial relevancia atendendo os últimos pronunciamentos xudiciais recaídos en relación doutros instrumentos convencionais da mesma natureza, polo que cómpre delimitar o obxecto das actividades conveniadas tendo en conta os criterios normativos e funcionais aos que temos feito mención, na liña apuntada pola xurisprudencia máis recente na materia.

Atendendo ao anterior, cómpre lembrar aquí que o artigo 7 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias (LOPS), determina que son funcións dos ópticos-optometristas, como diplomados universitarios, -actualmente graos- en Óptica e Optometría, o *desenvolvemento das actividades dirixidas á detección dos defectos da refracción ocular, a través da súa medida instrumental, á utilización de técnicas de reeducación, prevención e hixiene visual, e á adaptación, verificación e control das axudas ópticas.*

Polo tanto, o presente convenio de colaboración establécese na procura de facer efectivos os dereitos da cidadanía respecto ás prestacións sanitarias e a adecuada planificación dos recursos humanos do sistema de saúde, sempre ao abeiro dos ámbitos funcionais propios dos diferentes profesionais sanitarios que participan na atención sanitaria.

Tendo en conta o anterior, as partes formalizan o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

1. Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de cooperación entre o Servizo Galego de Saúde e o establecemento JESÚS ÓPTICO (en adiante, o establecemento de óptica) para a prevención de problemas visuais e promoción da visión, en beneficio de todas as persoas usuarias do Sistema Sanitario Público de Galicia.

Segunda. Actividades concretas conveniadas.

1. As persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde, por iniciativa propia, poderán acudir ao establecemento de óptica a solicitar unha revisión en base ao establecido neste convenio.

2. Respecto a estas persoas que acudan a solicitar revisión, con fundamento neste convenio, o establecemento de óptica pode desenvolver as actividades seguintes:

- a) Serán beneficiarias as persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde maiores de 5 anos.
- b) Descrición: para alcanzar os obxectivos do convenio, en materia de prevención de problemas visuais e promoción da visión, os establecementos de óptica adheridos ao convenio realizarán as seguintes actuacións, sempre dentro do ámbito funcional establecido no artigo 7 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias (LOPS):
 - 1º. Avaliación do estado refractivo/agudeza visual mediante probas optométricas.
 - 2º. Realización das seguintes probas complementarias:
 - Medición da reacción pupilar.
 - Medición da habilidade de fusión plana a través do test de Worth.
 - Cuantificación da integridade do campo visual correspondente á rexión macular mediante o test da Reixa de Amsler.
 - Proba da cor.
 - Transparencia de medios.
 - Proba de cover-test.
 - Motilidade ocular
- c) Calidade: o establecemento de óptica disporá de protocolos comúns, que seguirán as pautas indicadas no curso de formación, para a realización das actividades suxeitas a este convenio, que poderán ser solicitados para a súa avaliación por parte da comisión mixta de seguimento.



Ditos protocolos constarán, polo menos, dos seguintes apartados: as actividades a realizar, o equipo técnico necesario e o procedemento.

Terceira. Xestión do acceso ás actividades conveniadas.

1. O establecemento de óptica debe identificarse co cartel cun logo específico que identificará o Programa “COIDA OS TEUS OLLOS”, previsto no anexo II, pero non poderá publicitarse como tal nos centros de saúde.
2. As persoas usuarias solicitarán cita no establecemento de óptica que escollan.
3. O profesional óptico acreditado do establecemento da óptica poderá acceder ao documento do Programa “Coida os teus ollos” mediante o acceso ao sistema informático do Servizo Galego de Saúde e a identificación do paciente a través dos datos do TIS do usuario do Sergas.
4. A continuación, levaranse a cabo as actividades conveniadas e cumprimentará o documento do programa. Estes datos quedarán rexistrados de forma segura e confidencial na Historia Clínica Electrónica Galega, onde poderán ser consultados polos profesionais autorizados do Sistema Público de Saúde de Galicia.
5. Realizadas as actividades procedentes, o profesional óptico indicará ao paciente a necesidade de pedir cita co seu médico ou pediatra de Atención Primaria para a avaliación dos resultados.

Cuarta. Procedemento e criterios de acreditación

1. O establecemento de óptica deberá:
 - a) Dispor das oportunas autorizacións sanitarias, así como as súas renovacións preceptivas, de conformidade coa normativa vixente reguladora da autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.
 - b) Estar inscritos no Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia.
 - c) Ter, como mínimo, un profesional óptico-optometrista colexiado que teña realizado a xornada técnico-informativa, á que se alude deseguido.

2. Os profesionais ópticos-optometristas que o desexen poden participar na actividade formativa “Normalización dos procedementos para a prevención dos problemas visuais”, para o cal se inscribirán no prazo que se estableza a tal efecto, a través do Servizo Galego de Saúde. Esta formación realizarase 2 veces ao ano.

Para a inscrición na actividade formativa, deberase completar o formulario do anexo I cos datos relativos ao profesional óptico-optometrista e ao establecemento de óptica no que presta servizo, no seu caso.

No caso de que o profesional óptico-optometrista que queira inscribirse no curso xa estea traballando nun establecemento de óptica pero non se atope no cadro de profesionais dela, o titular do establecemento deberá actualizar o cadro de profesionais e os datos rexistrados, a través do seguinte enlace <https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Rexistro-de-centros-servizos-e-establecementos-sanitarios-de-Galicia>.

Unha vez realizada a formación e cumpridos o resto de requisitos establecidos a tal efecto, certificarase a súa participación e figurará desde ese momento como profesional formado para levar a cabo as actividades conveniadas que se especifican na cláusula segunda.

Posteriormente a persoa titular do establecemento de óptica terá que incorporar o certificado de asistencia a formación de todas as persoas profesionais que traballen no establecemento.

3. O Servizo Galego de Saúde dará aos seus centros de atención primaria as instrucións necesarias para que os profesionais sanitarios coñezan e faciliten aos pacientes a realización das actividades conveniadas.

Quinta. Causas de extinción do convenio

1. Ademais das causas de resolución establecidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, constituirán causas de exclusión do establecemento de óptica as seguintes:
 - a) Por renuncia expresa do establecemento de óptica manifestada cun mes de antelación á



súa efectividade, que deberá dirixirse á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

- b A non presentación da comunicación ao Servizo Galego de Saúde da baixa do/a profesional óptico-optometrista formado para levar a cabo o convenio.
- c A falta de comunicación dos datos de novos/as profesionais ópticos-optometristas que se incorporen, de conformidade coa normativa reguladora da autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- d A existencia de condutas indebidas que inflúan na elección do establecemento de óptica polo paciente e beneficien particularmente a un ou varios establecementos.
- e O incumprimento de calquera das cláusulas do presente Convenio.

2. A exclusión producirase por resolución motivada da persoa titular da Consellería de Sanidade, ou persoa na que delegue, previa audiencia ao establecemento atinxido.

Sexta. Custos derivados da realización do programa.

1. A Consellería de Sanidade non realizará ningún pago ou compensación económica a favor do establecemento de óptica que asina o convenio pola realización das actividades indicadas neste. Non se lles poderá cobrar aos pacientes do Servizo Galego de Saúde polas actividades realizadas indicadas no convenio.

2. A Consellería de Sanidade organizará dúas actividades formativas que se celebrarán de forma anual coa periodicidade que se indique e permitirá a formación en aspectos específicos que se determinen e sexan de interese ao colectivo. Os custos derivados do financiamento da actividade formativa, así como doutras actividades formativas que se organicen durante o desenvolvemento do convenio serán financiadas pola Consellería de Sanidade.

Sétima. Comisión de Seguimento

1. Créase unha Comisión de Seguimento do convenio que estará formada polos seguintes membros:

- a Unha persoa en representación da Consellería de Sanidade, designada por esta.
- b Unha persoa en representación do Servizo Galego de Saúde, designado por este.
- c Unha persoa titulada en óptica-optometría e acreditada para realizar o convenio, en representación dos profesionais acreditados.
- d Unha persoa en representación do establecemento de óptica asinante do convenio.

2. A Comisión de Seguimento terá como función principal garantir o adecuado desenvolvemento na aplicación do programa, así como a resolución de todas aquelas cuestións que se presenten en relación coa execución e interpretación do texto do convenio.

3. A Comisión de Seguimento definirá un plan formativo anual para o conxunto dos profesionais ópticos-optometristas dos establecementos de óptica, que permita que se realicen dúas actividades formativas anuais. Estas se celebrarán en número de 2 por ano. A organización da xornada e das actividades formativas, así como da súa acreditación serán realizadas pola Consellería de Sanidade.

4. A comisión reunirse como mínimo unha vez ao ano ou cando se estime necesario.

Oitava. Natureza do convenio e xurisdición

O presente convenio ten natureza administrativa e, segundo o previsto no artigo 6.1, é un negocio xurídico excluído do ámbito de aplicación de Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

De conformidade co artigo 4 desa mesma norma, este convenio rexeráse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As partes comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas



pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Novena. Protección de datos de carácter persoal

O réxime de tratamento de datos de carácter persoal derivados deste convenio será o previsto en aplicación do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes utilizarán ou aplicarán os datos persoais única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas.

As partes están obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que trate no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando finalice a vixencia do mesmo.

Décima. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, sen que en ningún momento o período de vixencia poida superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, incluída a súa prórroga.

Décimo primeira. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En proba de conformidade, as partes asinan tres copias deste convenio no lugar e data antes sinalados.

O Presidente do Servizo Galego de Saúde

Polo establecemento de óptica

Julio García Comesaña

Jesús Pérez Postigo



ANEXO I: SOLICITUDE INSCRICIÓN NA XORNADA DE NORMALIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS E PAUTAS DE ACTUACIÓN PROFESIONAL ÓPTICO-OPTOMETRISTA NO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DOS PROBLEMAS VISUAIS.



SOLICITUDE INSCRICIÓN NA XORNADA DE NORMALIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS E PAUTAS DE ACTUACIÓN PROFESIONAL ÓPTICO-OPTOMETRISTA NO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DOS PROBLEMAS VISUAIS.


DATOS DO PROFESIONAL	
APELIDOS	
NOME	
D.N.I.	
Nº COLEXIADO	
TFNO. DE CONTACTO	
DIRECCIÓN POSTAL	
CORREO ELECTRÓNICO	

DATOS DO ESTABLECEMENTO	
NOME COMERCIAL	
Nº INSCRICIÓN NO REXISTRO DE CENTROS SERVIZOS E ESTABLECEMENTOS SANIARIOS	
PROVINCIA	
CONCELLO	
DIRECCIÓN POSTAL	
Nº TELÉFONO	
TITULAR DO ESTABLECEMENTO	

Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales e garantía dos dereitos dixitais. Título II. Artigo 3:


1. Os responsables e encargados do tratamento de datos así como todas as persoas que interveñan en calquera fase de leste estarán suxeitos ao deber de confidencialidade ao que se refire o artigo 3.1. f) do Regulamento (UE) 2016/679.
2. A obrigaón xeral sinalada na apartado anterior será complementaria dos deberes de secreta profesional de conformidade coa súa normativa aplicable.
3. As obrigaóns establecidas nos apartados anteriores manteranse aínda cando finalizase a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.

....., a de de
Sinatura



ANEXO II: CARTEL

IDENTIFICATIVO DE ESTABLECEMENTO ÓPTICO ADHERIDO AO PROGRAMA “COIDA OS TEUS OLLOS”



ANEXO III: INFORME DE AGUDEZA VISUAL. PROGRAMA “COIDA OS TEUS OLLOS”



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



INFORME DE AGUDEZA VISUAL. PROGRAMA “COIDA OS TEUS OLLOS”

DATOS DO CIDADÁN

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
NASI	Nº. TARXETA SANITARIA	

AVALIACIÓN DO ESTADO REFRACTIVO/AGUDEZA VISUAL

	A.V. S/C	A.V. COA SÚA CORRECCIÓN	COMPENSACIÓN ÓPTICA FINAL				
			ESF.	CIL.	EIXE	ADC.	A.V.
O.D.							
O.E.							

☐ Hipermetropía
 ☐ Astigmatismo
 ☐ Miopía
 ☐ Presbicia
 ☐ Emotropía

PROBAS COMPLEMENTARIAS

Reacción pupilar	☐ Normal	☐ Alterada
Test de Worth	☐ Normal	☐ Alterado
Reixa de Amsler	☐ Normal	☐ Alterada
Proba da cor	☐ Normal	☐ Alterada
Transparencia de medios	☐ Normal	☐ Alterada
Cover test	☐ Normal	☐ Alterado
Motilidade ocular	☐ Normal	☐ Alterada

RECOMENDACIÓN

☐ Compensación óptica
 ☐ Lonxe
 ☐ Preto
 ☐ Outras
 Control da visión dentro de mes/es ano/s

☐ Acudir ao médico de Atención Primaria para avaliación de derivación hospitalaria (Especificar o motivo en observacións)

Observacións

DATOS DO PROFESIONAL ÓPTICO

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
NOME DO ESTABLECIMENTO		Nº REGISTRO SANITARIO	

SINATURA DO PROFESIONAL ÓPTICO

Lugar e data de de

